

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 07/02/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 07/02/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de decembro de 2019 .

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de decembro de 2019.

3. Toma de coñecemento da renuncia presentada por D. Alfonso Ramón González Gallego ao seu cargo de Concelleiro.

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2020, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público

6. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para corrir as barreiras coas que se atopan as persoas con discapacidade visual ou auditiva nas administracións públicas.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a mellora da Sanidade Pública

8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, por uns servizos públicos de sanidade de calidade

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de apoio á mobilización cidadá e en defensa da sanidade pública.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre ampliación de cupos de uva albariña por hectárea durante as próximas vendimas na denominación de orixe Rías Baixas.

12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Modificación Regulamento Xeral de Costas.

13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos, para que se inclúa a Vilaxoán como fin e inicio de etapa na Ruta do Padre Sarmiento

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE DECEMBRO DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da citada acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=1>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2019: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2019:

Nº	DESCRICIÓN
4	Concesión de licenza para vao permanente
3	Concesión de licenza de obra maior
1	Conformidade proxecto de execución construción vivenda unifamiliar
4	Concesión de licenza de canalización
14	Aceptación comunicación previa de documentación adxunta para obras
5	Concesión de licenza para acometida e conexión de auga e/ou saneamento
5	Iniciación de expediente de orde de execución
2	Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal de obras
2	Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Declaración de caducidade de procedemento de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente
1	Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución da Alcaldía
2	Remisión de expediente administrativo a Xulgado do Contencioso Administrativo
1	Delegación para comparecencia en representación do Concello de Letrado Asesor
5	Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico.
2	Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións
1	Designación Tesoureira accidental
1	Designación Secretaria Xeral accidental
1	Delegación na Primeira Tenente de Alcalde a Dona Tania García Sanmartín.
12	Nomeamento de funcionario/a interino/a
1	Prorroga nomeamento como funcionaria interina
2	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
5	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por substitución e traballo de categoría superior
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por servizos en xornada nocturna
2	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por servizos en domingo
1	Recoñecemento de obriga
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
2	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
2	Avogación de competencia delegada na Xunta de Goberno Local e recoñecemento de obriga
1	Consideración aprobación definitiva expediente de suplemento de crédito e recoñecemento de obriga
1	Prorroga dos créditos iniciais do orzamento de gastos do Concello do exercicio 2019 a 2020
15	Orde de pago de facturas
1	Devolución de ingresos e compensación a instancia de parte.
27	Concesión/denegación de fraccionamento de débeda

TOTAL: 129

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO AO SEU CARGO DE CONCELEIRO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 31 de xaneiro de 2020 por D. Alfonso Ramón González Gallego no que expresa a renuncia ao cargo de Concelleiro

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PP nas eleccións municipais de 26 de maio de 2019, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL, que figura no posto 7 da mesma.

A Comisión queda sabedora.

- O Sr. Alcalde agradece ao Sr. González Gallego o seu traballo e bo talante.

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. Alfonso Ramón González Gallego e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo do Concelleiro Renunciante, por Dona SAGRARIO CASTRO VIDAL, remitindo a esta Corporación a credencial como tal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro

do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figuran presentadas solicitudes de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO 2020, ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIAMENTO E TEITO DE GASTO NON FINANCIERO, ASÍ COMO O CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, CONVOCATORIA DE PROCEDIMENTOS DE PROMOCIÓN INTERNA E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2020 cun importe consolidado que ascende a 29.809.895,00 euros, no Estado de Ingresos, e 29.809.895 euros, no Estado de Gastos, cun superávit por tanto de 0 euros, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior.

A elaboración dun Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

A normativa imperante na materia recollida na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 2/2012, de 27 de abril, a cal supuxo un cambio radical na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos, así como dos demais actos que afecten en materia de gastos e ingresos, consagra uns principios básicos de sostibilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia, responsabilidade, eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos e de lealdade institucional.

O orzamento consolidado do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2020 trata de recoller a aplicación práctica de todos estes principios, sentando as premisas para a execución orzamentaria municipal ao tempo que se configura como instrumento fundamental que permite realizar un seguimento exhaustivo do grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra do gasto e límite de débeda, unha labor de fiscalización continúa que permite diagnosticar a tempo posibles desviacións e, de ser preciso, a adopción das medidas correctoras que procedan.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2020 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

Hoxe presentamos un documento de alto compromiso social que segue tendo por obxectivo a consecución da estabilidade presupostaria, buscando incrementar a eficiencia dos ingresos e os gastos, prestando atención ás axudas ao emprego, benestar social, protección do medio

ambiente, fomento do deporte e da cultura, sen esquecer o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade; que a súa vez segue a tratar de recuperar paulatinamente, a capacidade económica do persoal municipal que dende o 2012 viuse sometido a numerosas medidas de redución do gasto.

O orzamento para o exercicio 2020 trata de adaptarse á realidade socio-económica, dentro dun marco orzamentario e medio prazo de tres anos (2020-2022) e coherente coas liñas orzamentarias fundamentais, dando cumprimento ao disposto no artigo 29 da LOEOSF 20/2012.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- Liquidación do exercicio 2018.
- Avance liquidación do exercicio 2019.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2020).
- A regra de gasto para o 2020.

• O teito de gasto non financeiro para 2020. Os orzamentos municipais para o exercicio 2020 preséntanse equilibrados, asemade cumprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

Os Orzamentos consolidados do Concello e da Fundación Pública de Servizos deportivos municipais ascenden á contía de 29.809.895,00euros :

RESUMO XERAL_ ORZAMENTO CONSOLIDADO / 2020						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		CI
	A)OPERACION CORRENTES	26.315.007,07	1.184.895,00	27.499.902,07	1.090.000,00	26.409.902,07
1	Gastos de persoal	11.451.963,39	526.634,33	11.978.597,72	0	11.978.597,72
2	Gastos bens correntes	11.782.821,43	523.850,67	12.306.672,10	0	12.306.672,10
3	Gastos financeiros	35.000,00	50,00	35.050,00	0	35.050,00
4	Transferencias correntes	2.913.291,14	134.360,00	3.047.651,14	1.090.000,00	1.957.651,14
5	Fondo continxencia	131.931,11	0,00	131.931,11		131.931,11
	B)OPERACIONS DE CAPITAL	2.215.213,80	29.000,00	2.244.213,80	29.000,00	2.215.213,80
6	Inversións reais	2.078.563,80	29.000,00	2.107.563,80	29.000,00	2.078.563,80
7	Transferencias de capital	136.650,00	0,00	136.650,00	0,00	136.650,00
	C)OPERACIONS FINANCIERAS	1.184.779,13	0,00	1.184.779,13	0,00	1.184.779,13
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.034.779,13	0,00	1.034.779,13	0	1.034.779,13
	TOTAL	29.715.000,00	1.213.895,00	30.928.895,00	1.119.000,00	29.809.895,00
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		PI	PI	PI		
	A)OPERACION CORRENTES	27.865.000,00	1.184.895,00	29.049.895,00	1.090.000,00	27.959.895,00
1	Impostos directos	10.588.888,95	0,00	10.588.888,95	0,00	10.588.888,95
2	Impostos indirectos	401.359,29	0,00	401.359,29	0,00	401.359,29
3	Taxas, Prezos Públicos e	6.020.485,82	64.010,00	6.084.495,82	0,00	6.084.495,82

	outros ingresos.					
4	Transferencias correntes	10.844.302,08	1.109.000,00	11.953.302,08	1.090.000,00	10.863.302,08
5	Ingresos patrimoniais	9.963,86	11.885,00	21.848,86	0,00	21.848,86
	B)OPERACIONES DE CAPITAL	0,00	29.000,00	29.000,00	29.000,00	0,00
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	29.000,00	29.000,00	29.000,00	0,00
	C)OPERACIONES FINANCIERAS	1.850.000,00	0,00	1.850.000,00	0,00	1.850.000,00
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.700.000,00	0,00	1.700.000,00	0,00	1.700.000,00
	TOTAL	29.715.000,00	1.213.895,00	30.928.895,00	1.119.000,00	29.809.895,00

1. ESTADO DE GASTO:

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2020 aumenta un 7,84% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2019. Os créditos iniciais do 2019 por importe de 27.647.280,46 € aumentan en 2.067.719,54 euros, resultando un orzamento de gastos que ascende a 29.715.000,00€:

			GASTOS	
CAPITULO	2019	2020	DIFERENZA	PORCENTAXE
Gastos de Persoal	11.007.362,55	11.451.963,39	444.600,84	4,04%
Gastos en bens correntes e servizos	11.042.070,84	11.782.821,43	740.750,59	6,71%
Gastos financeiros	32.000,00	35.000,00	3.000,00	9,38%
Transferencias correntes	2.843.622,76	2.913.291,14	69.668,38	2,45%
Fondo de continxencia	124.637,47	131.931,11	7.293,64	5,85%
GASTOS CORRENTES	25.049.693,62	26.315.007,07	1.265.313,45	5,05%
Inversións reais	834.407,13	2.078.563,80	1.244.156,67	149,11%
Transferencias de capital	129.500,00	136.650,00	7.150,00	5,52%
GASTOS CAPITAL	963.907,13	2.215.213,80	1.251.306,67	129,82%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	1.483.679,71	1.034.779,13	-448.900,58	-30,26%
TOTAL	27.647.280,46	29.715.000,00	2.067.719,54	7,48%

CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2018 prorrogada ao exercicio 2020, e o disposto no Real Decreto-lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, o gasto de persoal increméntase nun 4,04% principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar o incremento salarial do 2% aprobado para 2020 mediante o citado Real Decreto, pero tamén da dotación do crédito para asumir a repercusión salarial da actualización da RPT nun 50%; ademais tamén trae causa do incremento, a dotación orzamentaria para procesos de promoción interna, así como as achegas municipais a planes de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego, o que evidencia o forte compromiso deste Concello có fomento do emprego así como có persoal municipal, sen prexuízo da reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta como Anexo a esta memoria.

O incremento fixo das retribucións do persoal do sector público para o ano 2020 no 2%, como se explica non informe da Intervención, vai consignado de forma xenérica na aplicación 221-1600, pero si se consigna por programa de gasto o incremento do 2% para o persoal non estrutural, así como derivado da propia actualización dos trienios, que en modo algún computan a efectos da masa salarial.

Non se dota a repercusión do incremento do SMI posto que cando se tiña aprobada dita subida polo Goberno do Estado, o presente proxecto de orzamento 2020 xa estaba ultimado, e dado que o previsible é que dita subida, que afectará exclusivamente a persoal laboral contratado dentro de planes de emprego, sexa asumida ao 100% polos axentes financiadores dos citados

planes, a repercusión será practicamente nula, en calquera caso, de ser preciso, acometeríanse as modificacións orzamentarias que fosen necesarias con cargo a partidas de execución voluntaria.

As principais medidas adoptadas son as seguintes:

1-PLANIFICACIÓN ESPECIAL DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A/ Promoción Interna

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, introduce importantes cambios nas relacións das administracións con os/as administrados/as a través do uso xeneralizado e obrigatorio das novas tecnoloxías e administración electrónica, coa finalidade de axilizar os procedementos e un pleno funcionamento do procedemento administrativo electrónico e dos documentos/arquivos que deben integralo: rexistro electrónico, arquivo electrónico. Asemade debe considerarse as obrigas derivadas da normativa en materia de transparencia previstas legalmente e contratación telemática e administración electrónica.

Por elo procede adaptar a estrutura de postos de traballo da área de tramitación administrativa aos novos requirimentos normativos, e que doten dunha mellor axilidade na resposta á cidadanía adaptando os postos de traballo existentes a esta realidade polo que se propón un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia: para a convocatoria de 2 prazas do subgrupo C1 vencelladas a postos de Administrativo de Administración Especial mediante proceso de promoción interna vertical dirixida ao persoal funcionario de carreira de auxiliar da escala de Administración Especial, do subgrupo C2 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatos/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 e dos postos vencellados a ditas prazas.

B/ Promoción interna postos existentes de encargados servizos exteriores

Tras a xubilación dos seus titulares en anualidades anteriores varios postos de traballo de encargados en servizos exteriores do Concello viñan sendo desempeñados en réximen de comisión de servizos temporal polo que procede a convocatoria de ditos postos mediante procedemento de promoción interna entre o persoal funcionario de carreira do Concello de Vilagarcía de Arousa, son os seguintes postos:

DENOMINACIÓN POSTO	DOT	R.E.	GR	AREA/SERVIZO
ENCARGADO PARQUES E XARDÍNS	1	F	C2/AP	PARQUES E XARDINS
ENCARGADO SERVICIO EMERXENCIAS	1	F	C2/AP	EMERXENCIAS
OFICIAL ENCARGADO	1	F	C2/C1	ESPAZOS FEIRAIS COMERCIAIS
ENCARGADO OBRAS-COORDINADOR	1	F	C2/AP	OBRAS VIAS PÚBLICAS

2- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

- 1 Praza de Inspector Principal (promoción interna)
- 2 Prazas de Policía Local (quenda libre)

Ditas prazas serán comunicadas a AGASP para a súa convocatoria ao amparo do Convenio vixente para a selección de postos do corpo da Policía Local a convocatoira de promoción interna se refire a convocatoria xeral prevista na Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de policía locais de Galicia.

3-BIBLIOTECA

Para mellorar o servizo e a ampliación de horarios que ven sendo demandada polos/as usuarios/as procede a aplicación a tempo completo de catro postos de subalterno

adscritos a servizo de Biblioteca municipal.

4-PLAN DE PENSIÓNS

A aportación mensual individual municipal é de 27,61€ o que supón o 80% respecto segundo o acordó de negociación colectiva vixente, por elo proceder a recuperación (100%) das aportación ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 397,68€/ano (33,14€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 99.378,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2019 de 16.563,00€.

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 303 prazas e 3 postos de persoal eventual dos cales dous son existentes e un novo posto de xerente de urbanismo de nova creación: (total 306), non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións:

Funcionarios de carreira 232

Persoal laboral 71

Persoal Eventual 3

En relación á organización da plantilla e á súa valoración, de acordo có compromiso adquirido por este Equipo de Goberno, no exercicio 2020 se ten planificado repercutir o 50% da actualización da Relación de Postos de Traballo, o que se estima ascenda a 405.712,75€, se ben dado que no capítulo 1 de gastos xa se dota a contía de 292.432,49€ para asumir o concepto de “ANTICIPO A CONTA RPT”, concepto que como moio se estima que estará executado nun 25% na data de entrar en vigor a Modificación da RPT, non será preciso consignar todo o importe indicado, se non a contía de 186.388,38€.

Como se ven explicando nos orzamentos precedentes, o propósito de actualización da RPT serviu de base para que no exercicio 2008 polo Pleno da corporación se aprobase o denominado “anticipo especial de nómina de carácter transitorio”, cun importe inicial de 300.000,€ prorrogado ata a finalización do proceso e en todo caso ata o 31 de decembro de 2009, se ben dende entón o Pleno da corporación con ocasión da aprobación dos orzamentos de cada exercicio económico ven prestando aprobación a este concepto retributivo que para o 2020 ascende a contía de 273.253,79 euros, de aí que en base a dita estimación se consigne dende entón baixo a denominación de “ANTICIPO A CONTA RPT” en conceptos de gasto de desglose propio (1210304 e 1300204) crédito por dito importe.

Se espera que nova valoración da RPT, permita regularizar a situación de xeito que as contías que correspondan en cada caso pasen a integrarse no concepto económico de retribucións complementarias (complemento específico), pois o importe consignado actualmente non deixa de ser unha estimación e a súa aplicación individualizada froito de acordo coa mesa de negociación.

A valoración da RPT era unha conta pendente da Corporación co seu persoal, e moi necesaria para poder valorar as diferentes gratificacións concedidas aos funcionarios por desempeñar tarefas correspondentes a postos de traballo de superior categoría e outras gratificacións e complementos que deberían estar valorados e formar parte do complemento específico.

Mantense o crédito dotado no grupo de programa 920, para facer fronte ós posibles custos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a bolsa xenérica co fin de cubrir necesidades urxentes e inaprazables de persoal por acumulación de tarefas, baixas do persoal, necesidades de reforzo en determinados servizos, mentres que o crédito dotado na área de política económica e fiscal, (931) e Urbanismo (150) obedece especificamente aos nomeamentos interinos de persoal dentro do programa VILAGARCÍA AVANZA, dos fondos FEDER.

En todo caso, ditos nomeamentos deberán axustarse ao disposto na LOXE vixente.

Dótase unha nova praza de persoal Eventual para asumir a xefatura da Xerencia de Urbanismo. Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as retribucións que foron aprobadas no pleno organizativo do 27 de xuño do 2019.

Este capítulo, incrementase un 1,95% con respecto ao Orzamento do 2019, representa un 38,03% do total do orzamento pero segue situándose por debaixo do 40% .

CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, se produce un aumento de gastos correntes nun 6,71% con respecto ao Orzamento do exercicio 2019, representando un 39,65% sobre o total do orzamento de gastos.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asimismo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica...etc

Todo elo sen prexuízo de moitos outras licitacións que quedan pendentes tales como teléfono, combustibles e carburantes,.....etc.

O incremento deste capítulo obedece en gran medida a maior dotación que se precisa para asumir a adxudicación dos novos contratos de limpeza viaria, recollida do lixo, limpeza de instalacións municipais, pero tamén ao reforzo previsto de actividades nos programas de Turismo, Feiras e Comercio, Consumo, Salubridade Pública, Área de Comunicación Social, Emerxencias...etc, o que se traducirá en maiores contratos de servizos e/ou subministros.

O proxecto de orzamento 2020 novamente pode dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, (divisionaria 77).

Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Galescola de Carril (Galiña azul), ao abeiro do Convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Se consigna crédito por importe de 123.000,00 euros, así como o crédito necesario para facer fronte ao potencial fraccionamento que deberá ser solicitado para a débeda correspondente ao período 2013-2014,(33.618,69€).

Tamén se dota o crédito preciso para facer fronte os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Escola Infantil de Vilaxoán (Galiña azul), ao abeiro do Convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, (73.800,00€).

Volve a dotarse nos concepto 22706 e 22799 do programa 920, unha dotación para asistencias técnicas.

Na aplicación 929-22699 mantense o mesmo crédito que no 2019, á vista do gasto realizado no 2019 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería municipal).

Tamén recolle o crédito para comisións financeiras e xuros de demora.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2020 sendo o importe total de 262.900,00 €.

Esta área mantense practicamente idéntica.

Seguen a dotarse as aplicacións de axudas de emerxencia de pago único de corrente, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais.

Se continua na liña de fomento do transporte público mantendo a dotación de 70.000,00€ que artículanse mediante a sinatura de convenios.

Mantense a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal en 38.770,00€, a dotación para a subvención a favor da Asociación Protectora de Animais en 25.000,00€, así como a dotación para a subvención ás Mancomunidades de Montes en 84.999,99€ para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

Destaca o incremento do crédito para axudas a escolaridade e universitarias en 20.000,00€.

Mantense unha dotación para programas de axudas a creación de emprego no programa 241 en 92.000,00€, así como a dotación para a transferencia a favor da gardería municipal en no programa 323.

A aplicación orzamentaria máis significativa segue a ser a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes que mantense respecto ó 2019.

CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

A consignación inicial ven determinada legalmente nun 0,5% da total dos gastos non financeiros (Cap. 1, 2 e 4), co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional par as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2020 ás que me remito.

CAPÍTULO VI- INVERSIÓN REAIS

Outro capítulo destacado do presente proxecto de orzamento é o capítulo VI, o seu importe ven determinado pola previsión da concertación dunha nova operación de endebedamento a longo prazo por importe de 1.700.000,00€ que financia un 81,79% do Anexo ao cal me remito en canto o detalle dos investimentos.

A porcentaxe restante do Anexo (18,21%), financiada con recursos propios, se destina a diversos investimentos, principalmente ao financiamento da redacción de proxectos de inversión, direccións de obra e coordinacións de seguridade e saúde para o que se dota na aplicación 150-640, compra-venda dun inmovible, así como contrato para o contrato de servizos denominado "REALIZACION DE TRABALLOS DE CONTINUIDADE DA REVISION DO PXOUM ATA A SÚA APROBACIÓN INICIAL OBRA (2) Nº 01/23/2018".

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 6,99% do total do Orzamento.

Polo tanto, queda constancia de seguir acometendo actuacións con repercusión no inmovilizado municipal con cargo ao endebedamento financeiro.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación coas transferencias de capital, mantense a dotación de crédito para transferencia de capital a favor do organismo autónomo dependente, incrementada en 4.000,00€, por importe de 29.000,00€

Mantense a dotación para unha subvención nominativa de capital na aplicación 231-78002 por importe de 18.000,00€, así como a derivada do Convenio de colaboración que cada ano asínase co Padroado da Banda Municipal de Música por importe de 7.500,00.

Destaca a dotación por 15.000,00€ para actuacións en materia de memoria histórica en bens inmovibles que non son propiedade municipal, de aí a súa consignación como transferencia de capital.

O crédito para axudas de emerxencia para gasto hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001, que mantense idéntica respecto ao exercicio anterior en 30.000,00€.

Representa un 0,46% sobre o total do orzamento.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un 0,54% sobre o total do orzamento.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación procede dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias e polo Estado da Débeda.

Este capítulo vese minorado respecto o 2019 nun 30,26% como consecuencia da sucesiva minoración da débeda viva tanto polas amortizacións ordinarias como polas extraordinarias en aplicación do superávit obtido na liquidación do exercicio precedente.

Non se engaden cotas de amortización para a operación proxectada, posto que a primeira cota é de vencemento anual.

Remítome o Estado da Débeda confeccionado polo Departamento de Tesourería.

2. ESTADO DE INGRESOS:

			INGRESOS	
CAPITULO	2019	2020	DIFERENZA	PORCENTAXE
Impostos directos	10.410.113,02	10.588.888,95	178.775,93	1,72%
Impostos indirectos	343.487,25	401.359,29	57.872,04	16,85%

Taxas e outros ingresos	5.801.015,70	6.020.485,82	219.470,12	3,78%
Transferencias correntes	10.382.700,63	10.844.302,08	461.601,45	4,45%
Ingresos patrimoniais	9.963,86	9.963,86	0,00	0,00%
INGRESOS CORRENTES	26.947.280,46	27.865.000,00	917.719,54	3,41%
Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00%
Transferencia de capital	0,00	0,00	0,00	0,00%
INGRESOS CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	550.000,00	1.700.000,00	1.150.000,00	209,09%
TOTAL	27.647.280,46	29.715.000,00	2.067.719,54	7,48%

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2020 aumenta un 7,48% con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2019. As previsións iniciais do 2019 aumentan 2.067.719,54, de forma que as previsións iniciais para o 2020 son de 29.715.000,00€.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóbeis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, incrementábase en cómputo global nun 1,72% representando un 35,63% do tal do Estado de ingresos.

Para elaborar as previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos tivéronse en conta os dereitos recoñecidos no exercicio 2019. Non obstante, no caso dos tributos exaccionados a través de padrón consideráronse os importes dos padróns do 2019 coas modificacións contempladas nos expedientes de Ordenanzas Fiscais para o 2020.

O capítulo 1 experimentan un incremento de 178.775,93€ pese a que non se opera ningunha subida fiscal, debido á subida derivada da propia ponencia de valores do IBI e a propia evolución dos impostos que permite paliar dita minoración impositiva.

Uno dos principais responsable da subida é o concepto relativo ao Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Plusvalías 11600).

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO incrementábase globalmente nun 16,85%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira en base os DRN a decembro de 2019 así como criterios de prudencia xa que debemos seguir sendo conscientes de que o importe dos DRN neste concepto sempre responderá parcialmente a expedientes concretos con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia, que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considerar como estrutural o 100% do incremento, de feito o incremento obedece exclusivamente a previsións de liquidacións reducíndose a estimacións por inspección nun 66,64%.

O principio de realismo que debe dirixir as previsións nun proxecto de orzamento e o carácter altamente incerto dos conceptos de ingreso do capítulo 2 así como a súa natureza vinculada estreitamente á actividade económica impón unha estimación prudente e restritiva dos mesmos, e calquera desviación relevante apreciada para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento deberá dar lugar ás medidas correctivas que sexan precisas en aras da estabilidade orzamentaria declarando plenariamente non dispoñibles aqueles créditos que se estimen reducibles sen causar perturbación no desenvolvemento dos servizos.

CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2020, non se acometeu ningún incremento pero si acometéronse actualizacións das taxas e prezos públicos municipais consistentes actualización de IPC...etc, polo que este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

Concretamente para o caso das taxa vinculadas aos principais servizos básicos, taxa por abastecemento de auga e sumidoiros mantéñense practicamente igual que para o 2019.

Os únicos conceptos que experimentan baixadas destacadas son os de taxas por servizo de retirada de vehículos e multas por infracción urbanística e (32600, 39100).

En cómputo global este capítulo experimentan un incremento do 3,78%, aumentando en 219.470,12€ grazas fundamentalmente ao incremento das previsións por taxas por licenzas

urbanísticas e taxa por ocupación con toldos, rótulos e marquesiñas (32100 e 33700).

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás no concepto 34100 referido ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) no que se tomou como referencia o informe remito polo servizo; Nembargante, de non recadarse a contía que se prevé inicialmente o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais podería verse afectado.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados ao cofinanciamento de determinados servizos.

A Participación nos Impostos do Estado (PIE), sofre un lixeiro incremento respecto ao 2019 do 6,16 %€ o que supón maiores previsións por importe de 481.305,24€.

Establécese con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, estimando para este exercicio a mesma cantidade que para o 2019 en base a derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, de 31 de decembro de 2019.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizo de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil , ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

O impacto do incremento da transferencia do estado e das subvencións finalistas concedidas case de xeito estrutural para os diferentes servizos municipais indicados, se traduce nun incremento global do capítulo 4 nun 15,98%.

CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Se consignan unhas previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal idénticas ao exercicio 2020.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REAIS

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO.

Non se contempla no presente ORZAMENTO

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Se prevé a concertación dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos por importe de 1.700.000,00€ ao non atoparse afectado polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004, pola DF 31ª da Lei 27/2012 de Orzamentos Xerais do Estado 2013, artigo 13 da LO 20/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Remítome ao apartado específico do presente informe no que se analiza o réxime de endebedamento así como as “ratios” expostas.

C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2020 non sofren apenas modificacións; unicamente destacar as seguintes:

- Modifícanse as bases 20 e 21 relativa á execución orzamentaria do gasto en cuestión formais e procedimentais.
- Modifícase a base 22 para introducir a excepción de factura electrónica para persoas xurídicas, sempre que se trate de xustificantes que non superen os 5.000,00€ (IVE engadido) e estean afectos a procedementos de Anticipos de Caixa Fixa ou Pagos a

Xustificar.

- Modifícase a Base 28ª para suprimir o concepto 625 de gastos como concepto permitido para expedientes de provisións de fondos pola problemática que plantexaron na xustificación este tip de subministros.
- Modifícase a base 29ª para elevar o límite dos Anticipos de Caixa Fixa a 30.000,00€ á vista do gasto realmente executado dentro deste sistema có fin de simplificar as reposicións.
- Modifícase a base 42ª para introducir as novidades derivadas da próxima implantación da nova aplicación para a xestión de ingresos.

D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”

En definitiva, o artigo 30 esixe ás Entidades Locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre có obxectivo de estabilidade e coa regra del gasto, pero non se establece a obriga de remisión de información sobre o mesmo, só aproba-lo.

O teito de gasto non financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados para o exercicio 2020, que debe ser coherente có obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto analizados no informe da Intervención municipal INT/2019/000384-2, ascende a 26.186.073,67€:

TEITO DE GASTO CONSOLIDADO		
COHERENCIA CÓ LÍMITE DE ESTABILIDADE		
CAPITULOS 1-7 INGRESOS		27.016.662,13
CAPÍTUSLO 1-7 GASTOS		26.508.506,27
NECESIDAD/CAPACIDAD FINANCIACIÓN		508.155,86
COHERENCIA COA REGRA DE GASTO		
GASTO COMPUTABLE 2018+CAP 3 E INGRESOS FINALISTAS 2019		26.186.073,67
LÍM.GASTO NO FINANCIERO	CONSOLIDADO	26.186.073,67
Límite Gasto no financ / partiendo de Regla de Gasto		26.186.073,67
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidad presusp.		27.016.662,13

CONCLUSIONÍS:

Pese a mellora da situación económica, persiste un escenario normativo que obriga a crecer de xeito controlado e limitado, tendo en conta en todo momento a premisa de elaborar uns orzamentos que conxuguen o crecemento có benestar social.

Se segue na liña de tratar de mellorar os servizos básicos, incrementando tanto medios persoais como materiais afectos aos mesmos.

Tamén se pretende blindar a vertente social da nosa xestión mediante o incremento das dotacións para axudas, becas e subvencións nominativas, así como para a prestacións de servizos no ámbito do benestar social, igualdade e o desenvolvemento dun maior número de actividades en materia de integración laboral, xuventude e 3 ; en definitiva, uns orzamentos inclusivos, para todos e para todas.

aínda que segue a ser preciso acudir ao endebedamento para dar cobertura a tódalas necesidades.

Presentamos un Orzamento para o exercicio 2020 no que, dada a situación económica do Concello, é posible reforzar o gasto en bens e servizos correntes en máis de un 1.000.000,00 de euros, asumindo incrementos salariais do persoal municipal, reforzo e mellora na calidade de

servizos, reforzar as políticas de educación e cultura, patrimonio, igualdade, continuar cos obxectivos de axuda ao emprego, asumir novas liñas de fomento e reforzar as existentes, ao tempo que pode volver a asumirse con cargo a recursos propios investimentos.

Neste orzamento, o aumento tendencial dos ingresos, xunto coa redución de certas partidas, permite incrementar o gasto corrente dentro da marxe da regra de gasto e dos obxectivos de estabilidade e sostibilidade, así como acometer novas inversións permanecendo dentro dun nivel de endebedamento moi reducido e suplindo esa menor marxe de manobra do exercicio precedente coa rentabilización de excedentes de financiamento.

O proxecto de orzamento 2020 recolle unhas previsións de ingresos reais e prudentes, suficientes para a cobertura dos gastos baseados na lixeira mellora da situación da economía o que nos permite contar con importantes previsións iniciais en conceptos tales como inspeccións de IAE, ICIO ou licenzas urbanísticas apostando pola inspección fiscal, e non por subidas fiscais que recaian sobre os cidadáns.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2020 do Concello de Vilagarcía de Arousa reflicte a evolución tendencial da economía o tempo que responde a unha serie de medidas e políticas de xestión en materia de gastos que implican un incremento dos gastos estimando que será liquidado dentro dos obxectivos fiscais de regra de gasto, estabilidade e sostibilidade financeira.

Unha vez analizado o Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2020, atopamos un orzamento cunha imperceptible desviación o alza do 9,70% respecto das previsións das liñas fundamentais do orzamento (LFO), para o 2020, e que se debe principalmente á previsión duna operación de endebedamento que as LFO non contemplaban.

Un orzamento equilibrado, estable, sostible e que cumpre coa regra de gasto e por iso, estimo que é posible facer efectivo o compromiso deste goberno de seguir executando as políticas necesarias sen menoscabo da calidade dos servizos mínimos municipais necesarios, nin esquecer o obrigado compromiso coas políticas asistenciais, permitindo no seu conxunto unha xestión eficaz do gasto público, sen esquecer as accións destinadas a servizos e actividades de solidariedade social prestados polo propio Concello, en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía do Concello de Vilagarcía de Arousa.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación:

A aprobación do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2020.

O Alcalde, Asdo.:Alberto Varela Paz Sinatura dixitalizada

Dáse conta así mesmo da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA), RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ANEXO PERSOAL (VALORACIÓN ORZAMENTARIA ANO 2020:

Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, procedeuse á confección da relación de postos de traballo (RPT 2020), do que resulta:

Funcionarios de carreira 232

Persoal laboral 71

Persoal Eventual 3

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 303 prazas e 3 postos de persoal eventual dos cales dous son existentes e un novo posto de xerente de urbanismo de nova creación: (total 306), non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto-organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta a esta proposta.

PLANIFICACIÓN ESPECIAL DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos

económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A/ Promoción Interna

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, introduce importantes cambios nas relacións das administracións con os/as administrados/as a través do uso xeneralizado e obrigatorio das novas tecnoloxías e administración electrónica, coa finalidade de axilizar os procedementos e un pleno funcionamento do procedemento administrativo electrónico e dos documentos/arquivos que deben integralo: rexistro electrónico, arquivo electrónico. Asemade debe considerarse as obrigas derivadas da normativa en materia de transparencia previstas legalmente e contratación telemática e administración electrónica.

Por elo procede adaptar a estrutura de postos de traballo da área de tramitación administrativa aos novos requirimentos normativos, e que doten dunha mellor axilidade na resposta á cidadanía adaptando os postos de traballo existentes a esta realidade polo que se propón un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia: para a convocatoria de 2 prazas do subgrupo C1 vencelladas a postos de Administrativo de Administración Especial mediante proceso de promoción interna vertical dirixida ao persoal funcionario de carreira de auxiliar da escala de Administración Especial, do subgrupo C2 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 e dos postos vencellados a ditas prazas.

B/ Promoción interna postos existentes de encargados servizos exteriores

Tras a xubilación dos seus titulares en anualidades anteriores varios postos de traballo de encargados en servizos exteriores do Concello viñan sendo desempeñados en réximen de comisión de servizos temporal polo que procede a convocatoria de ditos postos mediante procedemento de promoción interna entre o persoal funcionario de carreira do Concello de Vilagarcía de Arousa, son os seguintes postos:

DENOMINACIÓN POSTO	DOT	R.E.	GR	AREA/SERVIZO
ENCARGADO PARQUES E XARDÍNS	1	F	C2/AP	PARQUES E XARDINS
ENCARGADO SERVICIO EMERXENCIAS	1	F	C2/AP	EMERXENCIAS
OFICIAL ENCARGADO	1	F	C2/C1	ESPAZOS FEIRAIS COMERCIAIS
ENCARGADO OBRAS-COORDINADOR	1	F	C2/AP	OBRAS VIAS PÚBLICAS

OEP

- 1 Praza de Inspector Principal (promoción interna)
- 2 Prazas de Policía Local (quenda libre)

Ditas prazas serán comunicadas a AGASP para a súa convocatoria ao amparo do Convenio vixente para a selección de postos do corpo da Policía Local a convocatoira de promoción interna se refire a convocatoria xeral prevista na Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de policía locais de Galicia.

BIBLIOTECA

Para mellorar o servizo e a ampliación de horarios que ven sendo demandada polos/as usuarios/as procede a aplicación a tempo completo de catro postos de subalterno adscritos a servizo de Biblioteca municipal.

PLAN DE PENSIÓNS

A aportación mensual individual municipal é de 27,61€ o que supón o 80% respecto segundo o acordó de negociación colectiva vixente, por elo proceder a recuperación (100%) das aportación ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 397,68€/ano (33,14€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 99.378,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2019 de 16.563,00€.

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos

servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e a evolución inmediata da mesma procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e relación de postos de persoal eventual.

En consecuencia, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2020, que se unen como anexo a esta proposta, que inclúe un novo posto de persoal eventual de Xerente de Urbanismo..

2.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2020 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

Vacante non ocupadas

1 Praza de Inspector Principal (promoción interna Lei 4/2007 de 20 de abril)

2 Prazas de Policía Local (quenda libre)

3.- Proceder á ampliación a tempo completo do horario de catro postos de subalterno adscritos ao servizo da Biblioteca Municipal.

4.- Proceder a recuperación (100%) das achegas municipais ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 397,68€/ano (33,14€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 99.378,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2019 de 16.563,00€.

5.- Autorizar a convocatoria por promoción interna das prazas do grupo o subgrupo superior existentes vencelladas aos postos seguintes:

DENOMINACIÓN POSTO	DOT	R.E.	GR	AREA/SERVIZO
ENCARGADO PARQUES E XARDÍNS	1	F	C2/AP	PARQUES E XARDINS
ENCARGADO SERVICIO EMERXENCIAS	1	F	C2/AP	EMERXENCIAS
OFICIAL ENCARGADO	1	F	C2/C1	ESPAZOS FEIRAIS COMERCIAIS
ENCARGADO OBRAS-COORDINADOR	1	F	C2/AP	OBRAS VIAS PÚBLICAS

6.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 2 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Especial a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Especial, dos seguintes postos de traballo de nova denominación:

2 Xestora Socioculturais (C1)

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 e dos postos vencellados a ditas prazas.

7.- Publicar o cadro de persoal e relación de postos de traballo aprobados, integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Nembargante a Corporación acordará o que estime pertinente.

En Vilagarcía de Arousa na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente D. Alberto Varela Paz Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2020, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE, unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Marea da Vila, e sete votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- A aprobación Inicial do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio de 2020, cun importe consolidado de 29.809.895,00 € no estado de ingresos e de 29.809.895,00 € no estado de gastos, cun superavit por tanto de 0,00 €, así como as bases de execución, o anexo de investimentos que ascende a 2.078.563,80 € e o teito de gasto non financeiro que se fixa en 26.186.073,67 €

2.- A concertación dunha operación de crédito afectado ao anexo de investimentos por importe de 1.700,000,00 €, por non atoparse o Concello afectado polas limitacións impostas nestas materias polo TRLRFL e demais normativa de aplicación (Lei 27/2012 e L.O. 20/2012).

3.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2020, que se unen como anexo e que inclúe un novo posto de persoal eventual de Xerente de Urbanismo.

4.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2020 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

Vacante non ocupadas

1 Praza de Inspector Principal (promoción interna Lei 4/2007 de 20 de abril).

2 Prazas de Policía Local (quenda libre)

5.- Proceder á ampliación a tempo completo do horario de catro postos de subalterno/a adscritos ao servizo da Biblioteca Municipal.

6.- Proceder a recuperación (100%) das achegas municipais ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 397,68€/ano (33,14€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 99.378,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2019 de 16.563,00€.

7.- Autorizar a convocatoria por promoción interna das prazas do grupo o subgrupo superior existentes vencelladas aos postos seguintes:

DENOMINACIÓN POSTO	DOT	R.E.	GR	AREA/SERVIZO
ENCARGADO PARQUES E XARDÍNS	1	F	C2/AP	PARQUES E XARDINS
ENCARGADO SERVICIO EMERXENCIAS	1	F	C2/AP	EMERXENCIAS
OFICIAL ENCARGADO	1	F	C2/C1	ESPAZOS FEIRAIS COMERCIAIS
ENCARGADO OBRAS-COORDINADOR	1	F	C2/AP	OBRAS VIAS PÚBLICAS

8.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 2 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Especial a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Especial, dos seguintes postos de traballo de nova denominación: 2 Xestora Socioculturais (C1). Unha vez concluído o proceso de promoción interna de 2 prazas de Xestoras

Socioculturais (C1) procederáse á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2.

9.- Expoñer ao público o orzamento xeral do Concello para 2020 e o da FPSDM, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de quince días, para o que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións.

O Orzamento e demais documentos citados consideráranse definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, PARA CORRIXIR AS BARREIRAS COAS QUE SE ATOPAN AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL OU AUDITIVA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 18 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción: **MOCIÓN PARA CORRIXIR AS BARREIRAS COAS QUE SE ATOPAN AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL OU AUDITIVA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

O 3 de decembro celebrouse o día internacional das persoas con discapacidade e cada ano se levan a cabo campañas para concienciarnos sobre a necesidade de construír unha sociedade equitativa na que de maneira colectiva afrontemos e superemos as barreiras coas que moitas persoas conviven no seu día a día. A tal efecto, en Galicia aprobouse a

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Dita lei dispón que o seu obxecto é o de:

“A presente lei ten por obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e o deseño para todos respecto ás contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que os mesmos se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.”

Transcorridos cinco anos dende a súa aprobación, son moitos os exemplos que reflicten a falta de compromiso por parte da Xunta para desenvolver a lei de maneira transversal, mesmo nos servizos que teñen que ver co funcionamento da propia administración pública. A paulatina redución do persoal nos servizos públicos ten como consecuencia o aumento da carga de traballo. Para ordenar ese maior fluxo de traballo creouse, en moitas oficinas, un proceso automatizado co que organizar as quendas das persoas que esperan ser atendidas.

Estes sistemas normalmente recollen os seguintes pasos:

- Na entrada do edificio administrativo colócase unha máquina, normalmente cunha pantalla táctil, na que se deben introducir unha serie de datos e que entregará un ticket.
- Nese ticket indícaráselle ao solicitante a sala de espera á que debe ir e a pantalla á que debe estar atento.
- Unha vez diante da citada pantalla esperárase a quenda e aparecerá outro código. Este segundo código indícará a mesa onde o solicitante poderá ser atendido.
- Unha vez localizada a mesa onde se atopa o funcionario en cuestión, poderase realizar a consulta.

O problema é que este sistema fai que as persoas cegas ou sordocegas non teñan accesibilidade a este procedemento. Resulta evidente que o mesmo conleva a imposibilidade, para unha persoa

con discapacidade visual, de comunicarse de forma autónoma coa administración pública en calquera organismo que implante este sistema de quendas non accesible. O que determina que se investiu nun sistema de comunicación discriminatorio, cuxo resultado obxectivo foi a creación dunha nova barreira para as persoas cegas e sordocegas no seu contacto coa administración. Isto é o que ocorre, por exemplo, no SERGAS, nas oficinas do Catastro, na Tesourería da Seguridade Social ou na Oficina Tributaria.

A propia Lei 10/2014 especifica no seu “Artigo 3. Definicións” a existencia e especificidade das seguintes barreiras:

1.º Barreiras arquitectónicas: impedimentos, atrancos ou obstáculos físicos que limitan ou impiden a interacción da persoa coa contorna.

2.º Barreiras en a comunicación: impedimentos para a expresión e recepción de información ou mensaxes, sexa por comunicación directa ou a través de os medios de comunicación.

3.º Barreiras actitudinais: actitudes ou omisións que, directa ou indirectamente, xeran unha situación discriminatoria ao obstaculizar o goce dos dereitos da persoa con discapacidade en igualdade de condicións respecto a outra en situación análoga.

As novas tecnoloxías, especialmente as usadas desde as administracións públicas, deberían ter en conta a diversidade para favorecer a accesibilidade, polo que inqueda que, en vez diso, se xeren novas barreiras. A axenda 2030 da ONU indica que debemos avanzar de forma sustentable e "sen deixar a ninguén atrás". Un sistema de citas baseado nunha máquina non accesible que entrega un ticket que indica unha sala onde esperar outro código nunha pantalla que indique unha mesa na que ser atendido é unha barreira insolventable para as persoas con discapacidade visual.

Nas dependencias do Concello de Vilagarcía de Arousa, aínda non se implantaron ningunha destas tecnoloxías, pero, tal e como sinala a axenda 2030 da ONU, os avances que se realicen neste senso deben facerse no cumprimento da lei, e así evitar replicar a conduta doutras administracións. Ademais, dentro do territorio do Concello de Vilagarcía de Arousa existen delegacións doutras administracións que si empregan este sistema de quendas, polo que é importante que a corporación vele pola eliminación de barreiras para a veciñanza, aínda que a institución municipal non sexa responsable das mesmas. É imprescindible poñer solución canto antes a este obstáculo que creou a propia administración pública coa súa falta de sensibilidade para coas persoas con diversidade.

Asemade, a Lei 10/2014 no seu capítulo I, titulado “Disposicións sobre as condicións de accesibilidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados” dispón que “os entes locais terán que elaborar plans especiais de actuación para adaptar as vías públicas, parques e demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos haberán de contemplar, en cada exercicio orzamentario, as consignacións específicas para o financiamento das de-vanditas adaptacións, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.”

Por outra banda, é importante favorecer a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos. As novas tecnoloxías son ferramentas que facilitan a conciliación, mellorando o aceso a contidos e avanzando cara a realización de trámites a través das mesmas. Nese senso, as aplicacións que se habilitan dende as administracións deberían camiñar cara a inclusión de tódalas persoas. Nun momento no que conceptos como transparencia e rexeneración democrática teñen un lugar cada vez máis preferencial na vida política, os plenos do Concello de Vilagarcía de Arousa súbense á web co fin de que calquera persoa poida informarse dos debates e toma de decisións do pleno en todo momento. Aínda así, na actualidade, carecen dun formato que sexa accesible para todas as persoas, ao non ser subtítulos, polo que é fundamental que traballemos para mellorar as distintas aplicacións segundo vaíamos detectando as distintas eivas.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción dos seguintes

ACORDOS

1-O Concello de Vilagarcía de Arousa instará á Xunta de Galicia a que estude a reformulación do sistema de quendas das dependencias da súa competencia, de xeito que sexa accesible para toda a cidadanía sen excepcións e dar cumprimento á lei autonómica .

2-O Concello de Vilagarcía de Arousa levará adiante unha campaña informativa para que todas as

persoas que traballan nas oficinas da administración pública dependentes do Concello poidan identificar as distintas situacións de discriminación nas que as veces se atopan as persoas con discapacidade á hora de acceder aos servizos.

3-Unha vez transcorridos 5 anos de aplicación da lei, o Concello de Vilagarcía de Arousa realizará un informe sobre os plans de actuación levados a cabo para a adaptación das vías e espazos públicos ás normas de accesibilidade durante este tempo, co fin de informar á corporación ao respecto e identificar actuacións a incluír nos orzamentos durante o presente mandato.

4-O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a levar a cabo (formativas, informativas, lúdicas, etc.) que favorezan a inclusión das persoas con discapacidade e fomenten a autonomía das mesmas.

5-O departamento correspondente do Concello de Vilagarcía de Arousa estudará cal das aplicacións existentes é a máis eficiente para a inclusión do subtítulos nos vídeos das intervencións dos plenos.

6-O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a que as aplicacións informáticas, webs, etc, que se desenroren dende o mesmo, inclúan medidas que favorezan a accesibilidade de todas as persoas e a ir mellorando as xa existentes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para corrixir as barreiras coas que se atopan as persoas con discapacidade visual ou auditiva nas administracións públicas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e

1-Instar á Xunta de Galicia a que estude a reformulación do sistema de quendas das dependencias da súa competencia, de xeito que sexa accesible para toda a cidadanía sen excepcións e dar cumprimento á lei autonómica .

2-Levar adiante unha campaña informativa para que todas as persoas que traballan nas oficinas da administración pública dependentes do Concello poidan identificar as distintas situacións de discriminación nas que as veces se atopan as persoas con discapacidade á hora de acceder aos servizos.

3-Unha vez transcorridos 5 anos de aplicación da lei, o Concello de Vilagarcía de Arousa realizará un informe sobre os plans de actuación levados a cabo para a adaptación das vías e espazos públicos ás normas de accesibilidade durante este tempo, co fin de informar á corporación ao respecto e identificar actuacións a incluír nos orzamentos durante o presente mandato.

4-O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a levar a cabo (formativas, informativas, lúdicas, etc.) que favorezan a inclusión das persoas con discapacidade e fomenten a autonomía das mesmas.

5-O departamento correspondente do Concello de Vilagarcía de Arousa estudará cal das aplicacións existentes é a máis eficiente para a inclusión do subtítulos nos vídeos das intervencións dos plenos.

6-O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a que as aplicacións informáticas, webs, etc, que se desenroren dende o mesmo, inclúan medidas que favorezan a accesibilidade de todas as persoas e a ir mellorando as xa existentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 21 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación municipal do Concello de ..Vilagarcía de Arousa está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todas e todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área de Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de

Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a mellora da Sanidade Pública.

Procédese ao debate conxuntos dos asuntos nº 7, 8 e 9 da orde do día, procedendo á súa votación de forma individual.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do, PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por .maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e, PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS DE SANIDADE DE CALIDADE.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 21 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de xaneiro de 2020, a seguinte moción:

MOCIÓN POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS DE SANIDADE DE CALIDADE
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Grupo Municipal está preocupado pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Alberto Núñez Feijóo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos centros de atención primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización, que está levando a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todas e todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de pais e nais e poboación contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante para a nosa vila, na que a Corporación Municipal, e como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en Vilagarcía de Arousa se poida dispor e acceder a unhas servizos sanitarios públicos de calidade.

Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público. Os municipios da Área de Saúde do Salnés necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

POR TODO O EXPOSTO, A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA ADOPTA O SEGUINTE

ACORDO

PRIMEIRO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa Área.

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa manipulación das mesmas.

SEXTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.

OCTAVO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

NOVENO. Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

En Vilagarcía de Arousa, 21 de xaneiro de 2020.

Jesús López Rodríguez

Voceiro de Vilagarcía en Común

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, por uns servizos públicos de sanidade de calidade.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do, PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por .maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e,

PRIMEIRO.Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.

SEGUNDO.Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa Área.

TERCEIRO.Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO.Redución drástica daslistas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa manipulación das mesmas.

SEXTO.Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO.Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.

OCTAVO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

NOVENO. Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE APOIO Á MOBILIZACIÓN CIDADÁ EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentada coa data de 30 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública vive momentos de difícil equilibrio entre a inmensa calidade e capacidade dos/as seus profesionais, e a evidente ineficiencia dos seus dirixentes.

O sistema público de Saúde ten a súa orixe na Ley General de Sanidad de 1986, con Ernest Lluch como ministro e Felipe González como presidente (e que contou co voto contrario de Alianza Popular) e no traspaso de competencias a Galicia coa Lei do Servizo Galego de Saúde de 1989 sendo presidente autonómico Fernando González Laxe.

O compromiso dos socialistas coa sanidade pública é unha vinculación inseparable, e a cidadanía así o percibe ao indicar sempre nas avaliacións que somos os socialistas quen mellor xestionamos a sanidade.

En España os anos de goberno Rajoy foron moi duros para a sanidade pública, con recortes constantes que danaron a capacidade asistencial do sistema. En Galicia a década Feijóo redobrou ese esforzo en recortes, e así a cidadanía galega valora ao sistema como o terceiro peor de todas as CCAA, como indica ano tras ano o barómetro sanitario oficial. Esta valoración destaca moi ben aos profesionais, pero 3 de cada 4 galegos/as afirman que son necesarios cambios na xestión.

Os gobernos Feijóo empobreceron o sistema sanitario en diversos campos. Dende que Feijóo accedeu ao goberno galego a atención primaria perdeu máis de 1100 profesionais e 180 millóns de euros só en atención primaria, segundo se amosa nos propios orzamentos oficiais.

Núñez Feijóo modificou a lexislación para quitar toda a autonomía de decisión aos hospitais comarcais, creando unha Galicia de dúas velocidades onde os centros comarcais teñen cada vez menos servizos, e perden profesionais. O peche do paritorio

de Verín foi a gota que colmou o vaso, evidenciándose agora que era posible resolver se houberse vontade no seu momento, e quedando claro que pechalo foi unha decisión intencionada, que sinala tamén a posibilidade de pechar servizos semellantes no resto de hospitais comarcais.

A precarización dos empregados da sanidade pública ven sendo inaceptable nestes anos. A vontade explotadora en termos laborais fai un sistema máis ineficiente, con mais demoras e con inestabilidade permanente, o que impide crear novas posibilidades de servizo e traballar nas melloras necesarias. Nesta mesma lexislatura o SERGAS ten sido condenado xudicialmente en numerosas ocasións polo sistema de contratación, con sentencias que mencionan termos como "contratación fraudulenta e torticeita", e que insta a corrixir que se contrate por días ou por horas de maneira encadeada para cubrir prazas que deberan ser convocadas de maneira estable.

Por todo isto, vivíronse nestes anos numerosas mobilizacións de profesionais e cidadanía, dimisións en bloque como os xefes de atención primaria de Vigo, folgas como os traballadores de ambulancias, servizos de urxencias e PACs...

Ante todo isto, atopouse un goberno incapaz de transformar e de afrontar os problemas, que se parapeta e trata con desdén a todos os colectivos.

Por todo isto, PROPOÑEMOS desde o Grupo Municipal Socialista de Vilagarcía de Arousa para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Apoiar a mobilización cidadá convocada para o 9 de febreiro en Santiago de Compostela, en defensa da sanidade pública, e comprometer a participación activa nas actividades adicadas a defender a mellor sanidade pública para Galicia.

En Vilagarcía de Arousa a 30 de xaneiro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de apoio á mobilización cidadá en defensa da sanidade pública.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do, PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por .maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e apoiar a mobilización cidadá convocada para o 9 de febreiro en Santiago de Compostela, en defensa da sanidade pública, e comprometer a participación activa nas actividades adicadas a defender a mellor sanidade pública para Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E AS CASADAS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 21 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de xaneiro de 2020, a seguinte moción:

MOCIÓN PARAGARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E AS CASADAS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas rexistradas oficialmente como unións de feito que sobreviven á súa parella, experimentan no noso país unha discriminación no acceso á percepción da pensión de viuvez respecto ás que elixen o matrimonio como modo de convivencia. Ao membro supervivente na parella de feito esíxenselle requisitos para a percepción da pensión que non son contemplados nos supostos en que a parella se formaliza de conformidade coas normas que regulan o matrimonio. Esta diferenza de trato non ten causa obxectiva que actualmente a xustifique.

De acordo coa Lei Xeral da Seguridade Social, modificada no ano 2007, o membro supervivente da parella de feito deberá acreditar para percibir a pensión que os seus ingresos durante o ano natural anterior non alcanzaron o 50 por cento da suma dos propios e dos do falecido habidos no mesmo período, ou o 25 por cento no caso de inexistencia de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Esta regulación supón unha dobre discriminación. Dunha parte, esíxese que o membro defunto da parella gañase un euro máis que o supervivente para poder percibir a pensión, requisito que nalgún caso lle esixe ao cónxuxe que sobrevive no matrimonio. Doutra parte, establécense uns requisitos diferentes no caso de que non existan fillos comúns con dereito á pensión de orfandade.

No caso de que non cumpran estes requisitos só se recoñecerá dereito á pensión de viuvez cando os ingresos do supervivente resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional. Con iso, a norma condiciona o dereito á pensión de viuvez a unha suposta "dependencia económica". Pero a finalidade da pensión non é garantir un mínimo vital, senón que é un dereito recoñecido, imprescritible e subxectivo, destinado a paliar o dano que lle produce á familia a diminución de ingresos por mor da morte do cónxuxe.

A modificación de 2007 (Lei 40/2007, de medidas en materia de Seguridade Social) establecía por primeira vez no ámbito normativo (no xurisprudencial conseguíronse algúns recoñecementos con anterioridade), a posibilidade de cobrar a pensión de viuvez nos supostos de parellas de feito. Iso supuxo un avance importante no tocante á consecución dos dereitos das parellas de feito, algo paralelo ao recoñecemento desta realidade en ámbitos tan dispares como o tributario ou o penal. Pero a Lei incluíu un erro grave en técnica lexislativa e de inxustiza social, pois deixa sen pensión de viuvez para sempre a parellas e familias con menores ao seu cargo polo feito de percibir, froito do seu salario, só un céntimo máis que a parella falecida. Ademais, a Lei tampouco valoraba que a situación económica no momento do falecemento poida manterse como estable no tempo ou que esta situación sexa puramente circunstancial, como pode ser o caso de contratos de traballo temporais. Que se esixa una “certa dependencia económica” dun dos membros da parella de feito para optar a unha pensión de viuvez é discriminatorio. Que só se teñan en conta os ingresos do convivente que sobrevive nun momento determinado (o ano anterior ao falecemento) é inxusto.

A realidade social que trataba de regular a norma cambiou substancialmente. Por iso a norma debe cambiar. Así o contemplou o Congreso dos Deputados en 2009, pero pasaron 10 anos e esta reforma segue sendo un incumprimento clamoroso de graves consecuencias.

Os fillos nados fóra do matrimonio son 46,8% segundo as últimas cifras recollidas en 2017, cando nos anos 90 estes non chegaban ao 10%. Estas cifras son manifestación da ruptura do modelo tradicional familiar, pois existe unha realidade como son as unións de feito que debe ser considerada e regulada en termos de xustiza social.

Ademais, desde entón, recoñeceuse o acceso ao matrimonio a persoas do mesmo sexo e lograronse importantes (aínda que claramente insuficientes), avances en materia de igualdade. De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística no ano 2018 había en España rexistradas 1.625.800 parellas de feito fronte a 9.655.100 parellas casadas. Iso supón que un 14,41% da poboación opta por inscribirse nun Rexistro Oficial de Parellas de feito, fronte a 85,59% que optan polo matrimonio. Non existe razón para discriminar estas parellas.

Neste punto non se pode evitar contemplar outro dato: no noso país o número de viúvas é moi superior ao de viúvos. Iso supón que, na práctica, a medida é unha norma que, unha vez máis, atenta contra a igualdade da muller no noso Ordenamento Xurídico e vulnera Directivas Europeas de obrigado cumprimento para o Estado Español. Neste sentido, a Comisión de Peticións da Unión Europea encargou unha investigación preliminar sobre esta situación.

POR TODO O EXPOSTO, A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA ADOPTA O SEGUINTE

ACORDO

1. Instar o Goberno de España a promover a modificación da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas que resulten necesarias para lles garantir aos membros das parellas de feito o acceso a todas as prestacións ou pensións vinculadas a situacións de viuvez, nas mesmas condicións que aos cónxuxes nos matrimonios civís.

2. Esixir a retroactividade destas modificacións para as familias afectadas por esta discriminación desde a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008.

En Vilagarcía de Arousa, 21 de xaneiro de 2020.

Jesús López Rodríguez

Voceiro de Vilagarcía en Común

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez.

- Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo político municipal do PP: modificar o apartado 2, quedando do seguinte xeito:

2) Instar ao Goberno de España a estudar, e no seu caso aplicar a retroactividade destas modificacións para as familias afectadas por esta discriminación desde a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008.

- O grupo político municipal de Vilagarcía en Común acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e,

1. Instar o Goberno de España a promover a modificación da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas que resulten necesarias para lles garantir aos membros das parellas de feito o acceso a todas as prestacións ou pensións vinculadas a situacións de viuvez, nas mesmas condicións que aos cónxuxes nos matrimonios civís.

2) Instar ao Goberno de España a estudar, e no seu caso aplicar a retroactividade destas modificacións para as familias afectadas por esta discriminación desde a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008 desde a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE AMPLIACIÓN DE CUPOS DE UVA ALBARIÑA POR HECTÁREA DURANTE AS PRÓXIMAS VENDIMAS NA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de enero de 2020 a seguinte MOCIÓN:

“Ampliación dos cupos de uva albariña por hectárea durante as próximas vendimas na Denominación de Orixes Rías Baixas”

EXPOÑEN

Durante as pasadas colleitas de uva dos anos 2017 e 2018 no ámbito da Denominación de Orixes Rías Baixas, recolectáronse unhas cantidades moi abundantes de uva con récords de produción, sendo a segunda e a terceira colleita máis abundantes da Historia.

Segundo o regulamento do Consello Regulador Rías Baixas, o límite máximo de produción por hectárea é de 12.000 quilos para as variedades brancas. O que sucedeu foi que moitos viticultores superaron o cupo máximo, tendo que deixar nas parras cantidades enormes de uva. Moita desa uva acaba nun mercado paralelo a prezos moi baixos ou con fin de producir viño para autoconsumo.

Na actualidade, as vendas das adegas de Rías Baixas, estánse incrementando tanto no mercado nacional coma nas exportacións e a tendencia nestes últimos anos é de crecemento sostido e de recuperación total do sector. Podería producirse unha situación de risco por desabastecemento dos mercados debido á falla de uva, que poría en perigo o traballo de promoción realizado por

todo o sector.

O regulamento do Consello Regulador prevé no artigo 9 (produccións máximas):

1. A Producción máxima admitida por hectárea será:

- a) 12.000 quilogramos para a variedade Albariña
- b) 10.000 quilogramos para as variedades tintas.
- c) 12.500 quilogramos para as demais variedades.

2. Os límites de produción sinalados no punto 1 deste artigo poderán ser odificados en determinadas campañas polo Consello Regulador, bea a iniciativa propia ou ben a petición en tempo e forma, de viticultores interesados na medida, efectuada con anterioridade á vendima. Esta decisión deberá ser tomada co acordo favorable da maioría absoluta do pleno válidamente constituído, despois dos asesoramentos e comprobacións que se precisen e o informe favorable do órgano de control. No caso de que tal modificación se produza, a mesma non poderá superar o 25% dos límites citados.

3. A uva procedente de parcelas con rendementos superiores ao límite establecido non poderá ser utilizada para a elaboración de viños protexidos por esta denominación de orixe, debendo adoptar o consello regulador as medidas de control necesarias para asegurar o cumprimento deste precepto.

En anos de colleitas abundantes, os viticultores perden toda a produción que supere ese cupo de 12.000 quilos xerando un grave perxuízo económico nas súas explotacións vitivinícolas e tamén cando a Natureza orixina colleitas de escasa produción novamente son os viticultores os grandes perxudicados.

A Natureza é variable e a norma non pode ser ríxida. Entendemos que si os stocks das adegas son baixos, que si a calidade da uva é boa e que si as previsións de colleita que se fan no mes de xullo e agosto apuntan a colleitas abundantes, reúnense todos os requisitos para que o pleno do consello regulador Rías Baixas poida xestionar os excedentes de uva aumentando os cupos.

O pleno do consello regulador Rías Baixas ten a potestade de modificar este cupo ata un máximo de 25%, segundo o regulamento, polo que si así se decidira, pasaría a ser ata un máximo de 15.000 quilos por hectárea, propiciando para as familias de viticultores e para a economía local das zonas produtoras de viño un importante impulso económico.

Vilagarcía, así como o resto da comarca do Salnés, posúe un importante protagonismo na produción do consello regulador e do sector.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Instar ó pleno do Consello Regulador Rías Baixas a que incremente os cupos máximos de produción de uva albariña segundo o regulamento, que podería incrementarse ata 15.000 quilos por hectárea, en base ás estimacións de colleitas de uva, aos stocks das adegas e á calidade da uva en cada tempada.

- Notificar ó Presidente do Consello Regulador Rías Baixas do acordo plenario adoptado pola corporación vilagarcía.

Alfonso González Gallego – Voceiro do Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre ampliación de cupos de uva albariña por hectárea durante as próximas vendimas na denominación de orixe Rías Baixas.

Dáse conta da emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, seguinte:

- Permitir aumentar o cupo DE UVA ALBARIÑA en determinadas circunstancias, instando a estudar pola Xunta de Galicia e ó Consello Regulador as circunstancias que o aconsellen, vinculándose aos stoks das adegas e sobre todo a calidade da uva co control da denominación de orixe (stock cualitativo)

- Polo Sr. Alcalde, previa consulta á voceira do PP, procédese a retirar a moción da Orde do Día do Pleno, polo que se procederá á súa inclusión na orde do día do seguinte pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MODIFICACIÓN REGULAMENTO XERAL DE COSTAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 29 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 7 de febreiro de 2020 a seguinte MOCIÓN:

“Modificación Regulamento Xeral de Costas”

EXPOÑEN

Nos últimos días tívose coñecemento de que o Goberno central está tramitando unha modificación urxente do Regulamento xeral de costas relativa aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Un trámite que deixa en situación de perigo e inseguridade xurídica a empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúan Nesta zona.

Esta decisión do Goberno central parece ter como obxectivo tentar xustificar decisións que foron en contra da normativa de Costas vixente, como a tomada nas últimas semanas de allanarse nos procedementos abertos en relación á prórroga de Ence.

Pero o cambio do regulamento xeral de Costas non só afecta á pasteira situada en Lourizán, senón que pon en perigo a moitas outras empresas que operan na nosa comunidade, como son as conserveiras, industrias, e tamén a equipamentos públicos, como centros educativos e de saúde ou depuradoras. Unha medida que xeraría, ademais, importantes impactos económicos.

Concretamente, a redacción que se incorporaría á modificación do regulamento de costas, afectaría a moitas empresas de cultivos mariños, transformación e auxiliares de ambas no proceso, como é o caso das depuradoras, cocedoiros, etc, que requiren conexión directa á auga do mar e, por tanto, as tubaxes ocupan espazo no DPMT.

Estamos a falar de máis de cen instalacións, entre elas 60 depuradoras de moluscos, cinco instalacións de cocedoiros de moluscos, 26 plantas de acuicultura para cría de moluscos e peixes, e unha importante cifra de conserveiras.

Esta decisión tamén afecta a grandes industrias que operan na nosa comunidade, e que compren estritamente as esixencias medioambientais, e pon en perigo a equipamentos e servizos públicos situados a día de hoxe en zona de DPMT ou que someten a súa actividade a ela. O que podería complicar sobremaneira a súa prestación, facéndoos inasumibles para as administracións, especialmente para os concellos.

Dende logo, este grupo municipal súmase á manifestación da preocupación que o sector e concellos teñen manifestado por esta situación, especialmente pola necesidade de garantir ao máximo o principio de seguridade xurídica, de maneira que os distintos operadores afectados non queden ao chou dos sucesivos cambios de criterio que poidan producirse, senón que, desde o primeiro momento, teñan un escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- O Concello de Vilagarcía de Arousa inste ao Goberno do Estado a:

- Que se dea traslado á Xunta e a este Concello dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas neste termo municipal pola modificación do regulamento de Costas.
- Que de tramitarse unha modificación do regulamento de Costas se adapte á Lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse a dita normativa.
- E que na nova tramitación que se acometa se dea un prazo axustado de alegacións para que toda a cidadanía e sectores afectados poidan ter coñecemento da modificación e facer as alegacións oportunas.

Alfonso González Gallego – Voceiro do Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Modificación do Regulamento Xeral de Costas.

Polo grupo político municipal de Marea da Vila presentanse as seguintes emendas de substitución:

- Instar ao Estado a iniciar un proceso de diálogo cos sectores afectados.
 - Instar á Xunta de Galicia a elaborar un listado de empresas afectadas pola posible modificación regulamentaria.
 - Instar á Xunta de Galicia e Goberno do Estado á realización dun plan sectorial mar-industria.
- O grupo político municipal do PP non acepta as emendas citadas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catro votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (4) e dezaseis votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Modificación do Regulamento Xeral de Costas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS, PARA QUE SE INCLÚA A VILAXOÁN COMO FIN E INICIO DE ETAPA NA RUTA DO PADRE SARMIENTO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 6 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos, coa data de 22 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

O GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS VILAGARCÍA

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local

e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte
MOCIÓN PARA QUE SE INCLÚA A VILAXOÁN COMO FIN E INICIO DE ETAPA NA RUTA DO PADRE SARMIENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilaxoán ven sufrindo nas últimas décadas un despoboamento progresivo agravado se cadra nos últimos dez anos, nos que perdeu case que 200 habitantes (máis un 10% da súa poboación). A marcha da industria conserveira e metalúrxica foi un duro golpe do que non é doado refacerse, coa destrución de moitos postos de emprego que afectaron posteriormente ó comercio do pobo, que chegou a contar con 4 entidades bancarias. A deixadez da administración para/con o pobo vilaxoanés tampoco axudou nos últimos anos a esa tan desexable recuperación.

A propia Mancomunidade do Salnés na redacción das etapas da Ruta do Padre Sarmiento olvídase de Vilaxoán, cando as escrituras fan especial mención ó pobo, por canto lle adican dúas páxinas entre o 23 e o 28 de outubro, cando sae en nova etapa cara Caldas e Padrón. Menciona que xa por entón Vilaxoán "tiene buen puerto y admite naves mayores". Fai unha descrición reográfica dos lares que se divisan dende o mesmo como Carril, Cortegada, Leiro ou Rianxo; para despois falar dos Sepulcros da Igrexa de Sobrán entre outras mencións.

Se lle quitamos a Vilaxoán o que lle é propio por historia estaremoslle dando a puntilla a un pobo que precisa de todos nos para a súa recuperación.

Por todo isto, dende o Grupo Municipal de Ciudadanos facemos a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

A. Que dende o Concello de Vilagarcía

1. se inste á Mancomunidade do Salnés a modificar as etapas da Ruta do Padre Sarmiento, incluíndo un fin e inicio de etapa en Vilaxoán.

2. se dispoña dunha sinalización clara que leve ós peregrinos a disfrutar dunha imaxe máis acorde ó recollido nas escrituras, incluíndo panéis informativos no Porto e no entorno da igrexa de San Martín de Sobrán, nos que se reproduzan fielmente as verbas que o Padre Sarmiento dedica á Vila mariñeira e á súa parroquia.

3. valorar -e propoñer de ser o caso- a construción a medio prazo, coa colaboración de outras administracións, dun albergue en Vilaxoán.

B. Que os concelleiros desta corporación que forman parte do Pleno da Mancomunidade den traslado esta Moción, e a defendan no Pleno da Mancomunidade a para o seu acordo.

En Vilagarcía de Arousa a 22 de Xaneiro de 2020

David Higinio Oliveira Barreiro

Voceiro do Grupo Municipal Ciudadanos

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos para que se inclúa a Vilaxoán como fin e inicio de etapa na Ruta do Padre Sarmiento.

- O grupo político municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda:

No apartado 1, substituir Vilaxoán por Vilagarcía para o fin e inicio da etapa.

No apartado 2, indicar que xa está corrixida a páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa.

No apartado 3, indicar que en Carril se construíra un albergue.

- O grupo políticomunicipal de Ciudadanos non acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(4) e Ciudadanos (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo

político municipal dde Vilagarcía en Común, e catorce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1) e Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos para que se inclúa vilaxoán como fin e inicio de etapa na Ruta do Padre Sarmiento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200207&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:15 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.